

Automate your workflow with GitHub Actions

Descrición

GitHub Actions permite automatizar procesos asociados ao ciclo de vida do desenvolvemento de software directamente desde os repositorios de GitHub.

Este curso proporciona os coñecementos necesarios para deseñar, crear, executar, manter e resolver problemas en workflows de GitHub Actions. Estúdanse os eventos e desencadeadores, jobs, steps, runners, variables, segredos, artefactos, reutilización de compoñentes e estratexias de integración e entrega continuas.

A formación aborda tamén a creación e publicación de accións personalizadas, GitHub Packages, a integración con servizos externos, a administración de GitHub Actions en organizacións e empresas e as medidas necesarias para protexer e optimizar a automatización.

O curso está orientado á preparación da certificación oficial GitHub Actions (GH-200).

Obxectivos

- Comprender a arquitectura e os compoñentes fundamentais de GitHub Actions.
- Deseñar e crear workflows para automatizar tarefas de desenvolvemento.
- Configurar eventos e desencadeadores de workflows.
- Traballar con jobs, steps, expresións e lóxica condicional.
- Utilizar variables, contextos, segredos e permisos de maneira axeitada.
- Crear workflows de integración continua.
- Automatizar procesos de construción, probas e despregamento.
- Xestionar e resolver problemas en workflows.
- Utilizar artefactos e mecanismos de caché.
- Crear workflows reutilizables e compoñentes compartidos.
- Utilizar GitHub Script para interactuar coa API de GitHub.
- Utilizar GitHub Packages para publicar paquetes e imaxes.
- Crear, versionar, manter e publicar accións personalizadas.
- Configurar e administrar runners aloxados e autoaloxados.
- Xestionar GitHub Actions a escala de organización e empresa.
- Aplicar medidas de seguridade e optimización aos procesos automatizados.
- Preparar as competencias avaliadas no exame oficial GH-200.

Dirixido a

- Desenvolvedores e desenvolvedoras que queiran automatizar procesos de construción, probas e despregamento.
- Profesionais DevOps responsables de fluxos de integración e entrega continuas.
- Administradores de GitHub que necesiten xestionar GitHub Actions en organizacións ou empresas.
- Profesionais técnicos con experiencia en repositorios GitHub e conceptos de CI/CD.
- Persoas interesadas en preparar a certificación oficial GitHub Actions GH-200.

BENEFICIOS

Diploma de asistencia

Opción gratuita dun exame de certificación oficial

Perfil do docente

Microsoft Certified Trainer con experiencia acreditada en desenvolvemento de software, GitHub e prácticas DevOps, especialmente en automatización mediante GitHub Actions e deseño de procesos CI/CD. Deberá dispoñer de coñecementos en creación e mantemento de workflows e accións, runners, seguridade, GitHub Packages, integración con servizos externos e administración de GitHub Actions en organizacións.

PROGRAMA

Programación 2026/27

TIPO

CURSO

MATRÍCULA

Gratuíta

PERIODO INSCRICIÓN

01/01/2027 - 15/01/2027

PROBA DE SELECCIÓN

16/01/2027 (00:00)

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Proba técnica presencial no CNTG en Santiago de Compostela

Nº PRAZAS

20 (Mínimo 10)

METODOLOXÍA

Virtual



TIPO DE EDICIÓN	Edición única tarde (desempregados/as e ocupados/as)
DURACIÓN	20 horas
DATA INICIO	08/02/2027
DATA FIN	12/02/2027
HORARIO	De luns a vernes de 16:30 a 20:30 horas.
LUGAR DE DOCENCIA	Edificio localizado na r/Airas Nunes s/n, barrio de Conxo, en
CERTIFICACIÓN OFICIAL	Sí
EXAME CERTIFICACIÓN	GH-200: GitHub Actions
MÓDULOS TRANSVERSAIS	Igualdade de 5 horas
TECNOLOXÍA	Azure Microsoft DevOps
PERIODO DOCENCIA	08/02/2027 - 12/02/2027

Temario

Módulo 1: Introducción a GitHub Actions
Módulo 2: Creación e administración de workflows
Módulo 3: Variables, contextos e segredos
Módulo 4: Integración continua con GitHub Actions
Módulo 5: Artefactos e resultados de workflows
Módulo 6: Entrega e despregamento continuos
Módulo 7: GitHub Script
Módulo 8: Workflows reutilizables
Módulo 9: GitHub Packages



Módulo 10: Creación de accións personalizadas
Módulo 11: Publicación e mantemento de accións
Módulo 12: Runners
Módulo 13: Administración empresarial de GitHub Actions
Módulo 14: Seguridade de GitHub Actions
Módulo 15: Optimización e resolución de problemas
Módulo 16: Preparación para a certificación GH-200